



Sebastià Peris

Sebastia Peris iníciase aos oito anos como percusionista e posteriormente estuda Canto con Patricia Llorens no Conservatorio Superior de Música Joaquín Rodrigo de Valencia.

Gaña o Primeiro Premio de Canto no Concurso Nacional de Canto de “Xuventudes Musicais de España”.

Participou como representante español no “Festival Europeo de Solistas”, así como na “Tempada de Zarzuela de Caracas”.

Sebastià Peris

MESTRE DE CANTO

Historial Académico

Sebastia Peris iníciase aos oito anos como percusionista na agrupación musical do seu pobo natal. Pero mentres estuda Economía na Universidade de Valencia descobre a súa vocación de cantante, iniciando e finalizando os seus estudos de Canto con Patricia Llorens no Conservatorio Superior de Música Joaquín Rodrigo de Valencia.

Experiencia

En 2013 gaña o 1º Premio de Canto no Concurso Nacional de Canto de “Juventudes Musicales de España”, o que marcou o inicio da súa carreira profesional. Ese mesmo ano debuta no Teatro da Zarzuela de Madrid, onde participa en *La verbena de la Paloma*, *Curro Vargas*, *Lady be good* e *María Moliner*.

En Maio do 2015, invitado pola Embaixada Española en Caracas (Venezuela), participou como representante español no Festival Europeo de Solistas, así como na Tempada de Zarzuela de Caracas, debutando con *Vidal de Luisa Fernanda*, de F. Moreno- Torroba, para conmemorar o 40º aniversario do Sistema Nacional de Orquestras de Venezuela.

En Novembro do 2016 gaña o 1º Premio da Asociación Wagneriana de Madrid, que lle permitirá asistir ao Festival Wagneriano de Bayreuth 2017. Reside en Düsseldorf (Alemaña), onde colabora asiduamente coa *Deutsche Oper am Rhein Düsseldorf/Duisburg* en roles como *Marullo* (Rigoletto), *Silvano* (Un ballo in Maschera), *Moralès* (Carmen) e *Hornkerl* (Wo die wilden Kerle wohnen).

En Marzo do 2018 canta *Sam*, o rol principal de *Trouble in Tahiti* (L. Bernstein) na “Dutch National Opera” de Amsterdam. Con este mesmo rol inaugura a tempada 2018/2019 de Opera Zuid (Maastricht), e unha xira que lle permitiu debutar en teatros como *Utrecht*, *Rotterdam*, *La Haya* y el “Grand Théâtre” de Luxembourg.

Próximos compromisos o invitan a cantar no *Teatro Real*, (Rusalka); na *Zürich Opernhaus* (Cappriccio), no *Theater an der Wien* (Figaro, de Il Barbiere di Siviglia) e no repertorio sinfónico, obras como *Ein Deutsches Requiem*, de J. Brahms, en Lisboa e o *Requiem* de G. Fauré, en Alicante.

Salienta de entre a nova xeración de cantantes españoles, (Tavernes Blanques-Valencia, 1989), cuxas recentes actuacións incluíron unha curiosa variedade de xéneros que atestiguan a súa versatilidade: *Cappriccio*, de Richard Strauss en el *Teatro Real*, produción firmada por Christof Loy, que volverá a cantar na *Opernhaus de Zürich*; a premiere mundial da ópera *A amnesia de Clío*, de Fernando Buíde; concertos e gravación en DVD/ CD de *Anatomía de Zarzuela*; a súa participación como único español invitado ao “iSing Festival” (China), ademais de colaboracións coa *Orquestra Sinfónica de Galicia*, a *Orquestra Sinfónica de RTVE* e a *Orquestra da Comunidade de Madrid* no Auditorio Nacional de Madrid, sen esquecer os recitais de lieder e o repertorio sinfónico-coral.

Interpretou personaxes operísticos como *Papageno* en *Zauberflöte*, de W.A Mozart; *Marcello/Schaunard* en *La Bohème*, de G.Puccini; *Hally* en *Italiana in Algeri*, de G. Rossini; *Junius* en *The rape of Lucretia*, de B. Britten; *Belcore* en *L’Elisir d’amore*, de G. Donizetti, e *Sharpless* en *Madama Butterfly*, de G. Puccini, entre outros.

Traballou con directores de escena e musicais como *José Carlos Plaza*, *Graham Vick*, *Paco Azorín*, *Emilio Sagi*, *Christof Loy*; *Guillermo García-Calvo*, *Enrique García Asensio*, *Cristóbal Soler*, *John Nelson*, *Asher Fisch*, *Victor Pablo Pérez* e *Axel Kober*.

Nas principais salas de concertos españolas cantou a *Sinfonía n.º 9* de Beethoven; *Requiem*, de Fauré; *Johannes-Passion* e *Matthäus-Passion*, de Bach; *Petite Messe Solennelle*, de Rossini; *Misa en Sol Maior* de F. Schubert, *Cantata de Noël*, de Saint-Saëns; *The Messiah*, de Händel; *Los Improperios*, de F. Mompou, etc.